

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110Y3	<i>Expediente</i> CON/53/2016	<i>Fecha</i> 19-05-17 14:07

Número 20 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016)".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 20 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NAS PARROQUIAS DE BUSTO E MARANTES (POS 2016)".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 28 de abril de 2017, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/329 de data 15.5.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de Contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110Y3	<i>Expediente</i> CON/53/2016	<i>Fecha</i> 19-05-17 14:07

Primeiro: Con data 18 de abril de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Segundo: Con data 27 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CANARGA CONSTRUCCIONES SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, SONDEOS PORZUNA SL, CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL e NEMESIO ORDOÑEZ SA, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), por un importe de **80.512,40** euros (IVE aparte 21%: 16.907,60 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CANARGA CONSTRUCCIONES SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, SONDEOS PORZUNA SL, CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL e NEMESIO ORDOÑEZ SA, por

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110Y3	<i>Expediente</i> CON/53/2016	<i>Fecha</i> 19-05-17 14:07

non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de "**Obras de mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Busto e Marantes (POS 2016**" a favor da empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL (CIF: B15608193), por un importe de **80.512,40** euros, (IVE aparte 21%: 16.907,60 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: **Xan Xesús Duro Fernández**

